

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

DECRETO 34/2022, do 10 de marzo, polo que se modifica o Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edifícios.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.3, atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio, urbanismo e vivenda. Por tanto, é competencia autonómica establecer o marco xeral da regulación do informe de avaliación dos edificios, dentro do seu ámbito territorial.

O Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edifícios, en vigor desde o 20 de maio de 2021, pretende regular o informe de avaliación de edificios como instrumento que acredita a situación en que se atopa un edificio, regulado no capítulo II do título preliminar da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Na disposición transitoria primeira do citado decreto establécese que os concellos que así o consideren, en función do número e da antigüidade dos edificios do seu municipio, así como dos seus medios e necesidades, poderán establecer un calendario para a presentación gradual dos IAE dos edificios que, na entrada en vigor deste decreto, xa contén cunha antigüidade de máis de 50 anos e sempre que non supere os prazos seguintes:

- Ata 1 ano desde a entrada en vigor deste decreto, para os edificios catalogados.
- Ata 3 anos desde a entrada en vigor deste decreto, para o resto dos edificios con máis de 50 anos.

Ante as limitacións establecidas como consecuencia da pandemia da COVID- 19 para realizar as reunións das xuntas das comunidades de persoas propietarias de edificios, o prazo establecido, para os edificios catalogados, na citada disposición transitoria primeira pode resultar insuficiente, polo que se considerou a conveniencia de ampliar o dito prazo, no seo do Pleno do Observatorio da Vivenda de Galicia, constituído polas persoas con representación das administracións públicas con competencias na materia e os representantes de entidades, institucións ou asociacións que agrupan persoas físicas ou xurídicas



que teñen a consideración de axentes da edificación na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, así como as axencias e as administracións da propiedade inmobiliaria, como profesionais da intermediación inmobiliaria.

O decreto estrutúrase nun artigo único, polo que se modifica a citada disposición transitoria, unha disposición derogatoria, que derroga cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao disposto neste decreto, e unha disposición derradeira que, en virtude da natureza da regulación contida neste decreto, que consiste unicamente na modificación dos prazos da citada disposición transitoria e pola urxencia debida á proximidade da finalización do prazo que agora se modifica, prevé a súa entrada en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de acordo co Consello Consultivo de Galicia, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dez de marzo de dous mil vinte e dous,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación da disposición transitoria primeira do Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios

A disposición transitoria primeira do Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios, queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria primeira. *Implantación gradual da obriga do informe de avaliación dos edificios*

Os concellos que así o consideren, en función do número e da antigüidade dos edificios do seu municipio, así como dos seus medios e necesidades, poderán establecer un calendario para a presentación gradual dos IAE dos edificios que, na entrada en vigor deste decreto, xa contén cunha antigüidade de máis de 50 anos, sempre que non supere o prazo de 3 anos desde a entrada en vigor deste decreto».

Disposición derogatoria. *Derrogación de disposicións normativas*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao disposto neste decreto.



Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dez de marzo de dous mil vinte e dous

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

CVE-DOG: gkquibe4-hnp5-ykf2-sei8-ixbivikcube3

